



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**EXPTE 2026/E001/000003**

### **ACTA DO TRIBUNAL CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE CATRO PEÓNS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2026 (PEL 2026).**

En Camariñas, a 29 de maio de 2025, sendo as 11:00 horas, réunese na Casa do Concello o Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral de catro peóns ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial no marco do programa PEL-CONCELLOS 2026, tribunal designado polo Decreto da Alcaldía de data 22/04/26 e do que se encontran presentes os seguintes membros:

**Presidente:** D. José Manuel Ameijeiras Oreiro, persoal laboral do Concello de Camariñas.

**Vogais:**

D. Manuel Castiñeira Santos, persoal laboral do Concello de Camariñas.

D. Manuel Silva Canosa, persoal laboral do Concello de Camariñas

**Secretaria:** D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Mercedes Búa Barrientos, persoal laboral do Concello de Camariñas.

Dada a presenza do presidente, da secretaria así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación do tribunal polo que este procede a examinar a alegación presentada por D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Barreiro Vigo en data 25/05/2026, n<sup>o</sup> rexistro de entrada 202699900000635 sobre o resultado final da fase do concurso:

Alegación que se transcribe literalmente a continuación:

*“En relación ao expite 2026/E001/000003, do proceso selectivo para a contratación de 4 peóns (PEL-CONCELLOS 2026).*

*No resultado final, na fase de concurso, non teño ningunha puntuación xa que os títulos enviados a través da sede electrónica estaban fóra de prazo.*

*Adxunto de novo os títulos, para ten en conta para a súa valoración.*

*Xunta de Galicia-Xerente de Peme*

*Xunta de Galicia-Administrativo Contable*



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

*Xunta de Galicia-Actividades administrativas na relación co cliente.”*

Examinada a alegación presentada, O tribunal acorda, por unanimidade das persoas que o integran:

Desestimar a reclamación realizada, respecto a documentación remitida para valorar no concurso, xa que as bases da convocatoria de selección de persoal laboral temporal de catro peóns ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial no marco do programa PEL-CONCELLOS 2026 que foron publicadas no BOP nº 68 de data 14/04/2026, no punto cuarto de presentación de solicitudes establece no apartado 1: *“que as solicitudes debían presentarse no prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia”*, así mesmo o apartado 2.3 establece que: *“no caso de alegar méritos presentase unha relación dos mesmos e a correspondente documentación acreditativa, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia”*. O prazo de presentación de instancias terminou o día 24/04/2026 e en data 30/04/2026 a interesada presentou, a través do rexistro telemático do Concello con núm. RXE 202699900000480, documentación para valorar no concurso, polo que segundo o dito nas bases non se poderán ter en conta, xa que a dita documentación foi presentada fóra do prazo de presentación de solicitudes.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 11:30 horas do día da data, do que como secretaria dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace

A Secretaria,

O Presidente,